

Asunto : **Solicitud de informe sectorial** (artigo 36.2 da lei do solo de Galicia).
Documento : " PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN PARA LA CONSTRUCCIÓN DE
UN CENTRO SOCIAL EN XOANE ."
Concello : Carballo .
Promotor / Solicitante : concello de Carballo .

Ref. : **2022/ 1047975** .
(REF. CONCELLO 2022/U039/000006)

INFORME SECTORIAL DA CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
(artigo 36.2 da Lei 2/2016, do solo de Galicia)

1. Documentación achegada.

- Oficio do concello , de data 20.04.2022. Achega :
.Proxecto redactado por arquitectos da sociedade FERNANDEZ CARBALLADA Y
ASOCIADOS S.L.P. (COAG, 30046) e arquitectos (COAM , 20781) e (COAM, 20668),
en novembro do 2021; non consta visado.
. Informe técnico municipal emitido pola arquitecta municipal ó 12.04.2022 .

2. Actuacións previstas.

Construción dunha edificación illada de uso dotacional : centro social para a
parroquia de Goians.
O emprazamento sitúase no Lugar de Agra do Campo, Xoane .
A parcela correspóndese coa referencia catastral 15019A025006210000IU.

3. Antecedentes .

O concello solicita a emisión de informe favorable ou autorización á xefatura
territorial da consellería de Medio Rural en base o a artigo 36 da lei 2/2016, do 10
de febreiro, do solo de Galicia (LSG) .

Para isto, achega ia documentación referida no punto 1 deste informe .

O artigo 35 da LSG establece os usos e actividades admisibles en solo rústico e o
artigo 36 da mesma lei establece o réxime de usos.

O informe da arquitecta municipal sinala , entre outras cuestións , que :

Xefatura Territorial
Consellería do Medio Rural
Edificio Administrativo de Monelos
R/ Vicente Ferrer, 2
15009 A Coruña
T. 981 184 501
mediorural.co@xunta.gal
mediorural.xunta.gal



- O planeamento en vigor no Concello de Carballo é o Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado o 04.02.2016 mediante Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Diario Oficial de Galicia do 26.02.2016 e Boletín Oficial da Provincia do 26.02.2016). O edificio proxéctase nunha parcela clasificada polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria.

Trátase dun planeamento non adaptado á LSG polo que é de aplicación a Disposición Transitoria Primeira que no epígrafe 1.d) establece "Ao solo rústico aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo".

- O pleno Municipal en sesión ordinaria do 27 de xullo de 2020 aprobou o Plan especial de dotacións e infraestruturas en solo rústico en Xoane .
Este acordo foi publicado no Diario Oficial de Galicia , num. 203 , do 7 de outubro de 2020. A normativa publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña , num. 199, do 23 de novembro de 2020.

- No expediente de tramitación deste plan especial consta o informe sectorial (asinado o 06.08.2019) da Consellería de Medio Rural no que se informa favorablemente aos efectos do disposto no artigo 36 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

- O proxecto ten por obxecto a construción dun edificio de uso dotacional destinado a un centro social nologar de Xoane, na parroquia de Goians.
O edificio sitúase sobre a parcela catastral 15019A025006210000IU que ten unha superficie de 3.014 m² segundo información catastral.

-O ámbito de proxecto localízase en solo rústico de especial protección agropecuaria

No artigo 51.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) establece que " Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades ou construcións enumerados no artigo anterior, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección" e que " Para os efectos previstos neste artigo , a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial protección de que se trate ."

O ámbito competencial da xefatura territorial da consellería do Medio Rural defínese no solo rústico de especial protección ,categorías : agropecuaria e forestal .

4. Consideracións.

Xefatura Territorial
Consellería do Medio Rural
Edificio Administrativo de Monelos
R/ Vicente Ferrer, 2
15009 A Coruña
T. 981 184 501
mediorural.co@xunta.gal
mediorural.xunta.gal



A valoración que se fai no presente informe é referida a compatibilidade da actuación pretendida en **solo rústico de especial protección agropecuaria**, conforme o artigo 35 da LSG e 50 do RLSG.

A actuación proposta polo promotor afecta a solo clasificado como solo rústico de especial protección agropecuaria e está encadrada dentro dos usos e actividades consideradas como admisibles no solo rústico ,no artigo 35.1.p) da LSG : *"Construcións e instalacións para equipamentos e dotacións públicos ou privados."*

O réxime de usos definido no artigo 36.2 da LSG especifica que :*" os usos previstos nas letras n) e p) requirirán a aprobación dun plan especial de infraestruturas e dotaciónsNo caso de se implantar en solo rústico especialmente protexido , será preciso obter a autorización ou informe favorable do órgano sectorial correspondente ."*

O pleno Municipal en sesión ordinaria do 27 de xullo de 2020 aprobou o Plan especial de dotacións e infraestruturas en solo rústico en Xoane . Este acordo foi publicado no D.O.G. (num. 203 , do 07.10.2022) . A normativa publicouse no B.O.P. (num. 199, do 23.11.2022).

As accións sobre o solo ou subsolo que impliquen movementos de terras son admisibles en solo rústico, segundo o disposto no artigo 35.1 .a) da LSG .

4. Conclusións .

En relación co oficio do concello de Carballo de data 20.04.,2022 no que solicita a emisión de informe en base o disposto no artigo 36 .2 da Lei 2/2016 , do 10 de febreiro, do solo de Galicia, comunícolle que,

1- Valórase a compatibilidade da actuación pretendida de acordo ó artigo 35 da lei 2/2016 e proxectada en solo clasificado como solo rústico de especial protección agropecuaria .

2 – De conformidade có apartado anterior e para ós efectos do disposto no artigo 36.2 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro , do solo de Galicia ,

pode considerarse que a actuación proxectada encadrase dentro dos usos e actividades admisibles en solo rústico definidos no artigo 35.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e cumpre co especificado para o réxime de usos definido polo artigo 36.4 da citada lei.

Todo isto , enténdese sen prexuízo do cumprimento de normas sectoriais e lexislación vixente que sexan de aplicación, así como da obtención dos demais permisos que sexan procedentes e non prexulga posibles dereitos que terceiros interesados puideran alegar.



Corresponde o concello de Carballo o control da legalidade urbanística do uso por medio da concesión ou denegación de licencia a través do título habilitante municipal.

A Coruña , maio de 2022

A funcionaria,
(asinado dixitalmente)

Xefatura Territorial
Consellería do Medio Rural
Edificio Administrativo de Monelos
R/ Vicente Ferrer, 2
15009 A Coruña
T. 981 184 501
mediorural.co@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

